

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUNS PROGRAMAS DE SAÚDE MENTAL COMUNITARIA

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2018

REUNIDOS

DUNHA PARTE: Don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E DOUTRA: Dona Omaira Tuirán Ruíz, presidenta da asociación ANDAINA Pro Saúde Mental con N.I.F. nº G-70264999 que actúa en nome e representación da mesma.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

SEGUNDO.- Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde

mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

TERCEIRO.- Que no ámbito da nosa comunidade, a prevalencia do trastorno mental persistente e o modelo de atención na saúde mental prioriza a atención na comunidade e a integración social da persoa enferma, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación deste colectivo.

CUARTO.- Que a asociación é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio as persoas con enfermidades mentais e as súas familias, tendo como un dos seus fins promover a recuperación e integración social e laboral das persoas que padecen trastornos mentais, así como a mellora da asistencia e calidade de vida dos seus familiares e amigos, e a defensa dos seus intereses e dereitos.

A asociación ANDAINA Pro Saúde Mental cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTO.- É por isto que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas promovendo a divulgación da enfermidade e dando a coñecer a importancia real que ten o problema de saúde e a integración social, así como o establecemento de programas de estadías de ocio ás persoas con enfermidade mental, e o apoio aos seus coidadores, para os efectos de mellorar a calidade de vida destas persoas e dos seus familiares.

Por todo isto, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente Convenio ten por obxecto o desenvolvemento por parte da Asociación ANDAINA Pro Saúde Mental dos seguintes programas:

Programa de apoio socioeducativo comunitario e atención no fogar, dirixido a persoas con enfermidade mental crónica de longa duración, con alta conflitividade familiar, alto nivel de dependencia funcional e baixo nivel de consciencia de enfermidade, que se atopan no domicilio familiar en situación de desamparo, na comarca de Ordes e Ulla-Sar.

Como obxectivo xeral, está a procura de mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade mental, así como a atención as súas familias que se atopan no seu domicilio sen asistencia psicosocial, previndo a dependencia no ámbito rural.

Os obxectivos específicos do programa son os seguintes:

- Achegar unha intervención integral que traballe no preventivo, educativo, social e rehabilitado, tendo en conta o seu entorno sociofamiliar e económico.

- Fortalecer a relación institucional cos actores sanitarios e sociais das comarcas.

- Acompañar, orientar e apoiar naquelas accións que favorezan a súa integración familiar, social e laboral na comunidade.

Programa centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral. Dispositivo de saúde mental que prestan unha atención diúrna globalizadora e multidisciplinar, dirixida ás persoas con enfermidades mentais crónicas e estables e aos seus familiares, coa finalidade da rehabilitación e integración social e laboral das persoas usuarias. Son un dispositivo complementario constituídos como unidades de apoio comunitario ao amparo do Decreto 389/1994 de 15 de decembro e da Orde de 23 de outubro de 1998.

Ten como obxectivo xeral a mellora da calidade de vida das persoas usuarias do centro de rehabilitación e especialmente a súa autonomía.

Os obxectivos específicos do programa son os seguintes:

- Mellorar a inserción social e formativa dos/as usuarios/as.

- Mellorar as actividades da vida diaria así como as habilidades cognitivas e de desempeño.

- Reducir a sintomatoloxía negativa e previr a positiva nas persoas con trastorno psicótico e así reducir o número de ingresos hospitalarios.

- Mellorar o funcionamento psicosocial da persoa, posibilitando a maior autonomía e independencia posible.

SEGUNDA.- A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei de subvencións de Galicia.

O importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos non poderá superar o custo da actividade subvencionada.

TERCEIRA.- A asociación comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

a- Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.

b- Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.

c- Remitir con periodicidade trimestral unha memoria na que se faga constar:

- 1) Breve descrición das actividades realizadas no marco do “programa de apoio socioeducativo comunitario e atención no fogar” (data, lugar de realización, duración)
- 2) Número de beneficiarios directos e beneficiarios indirectos desagregado por xénero do “programa de apoio socioeducativo comunitario e atención no fogar”
- 3) Número de actividades de inserción social e formativas dos usuarios/as.
- 4) Número actividades e acción dirixidas a evitar a sintomatoloxía negativa.
- 5) Número actividades e acción dirixidas a e previr a sintomatoloxía positiva.
- 6) Número de reunións de coordinación con outros servizos de atención a persoas con problemas de saúde mental.

d- Programa centro de rehabilitación psicosocial e laboral. Remitir ocupación nos tres primeiros días laborais, no mes anterior, segundo cadro de ocupación, ver anexo.

CUARTA.- O Servizo Galego de Saúde comprométese para levar a cabo o programa achegar a cantidade de cuarenta e cinco mil euros (**45.000,00 €**) con cargo a aplicación orzamentaria **5001.413A.481.29**, co código de proxecto **201400028**, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

QUINTA.- No caso de que se xeren créditos adicionais, tal como se especifica na cláusula anterior, elaborárase unha addenda para ampliación do presente convenio formalizando así o libramento da contía correspondente.

SEXTA.- A contía indicada na cláusula cuarta farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, aportando por parte da asociación:

- Unha memoria coa descrición do programa de actividades que se van realizar durante a vixencia do convenio e sempre que a actividade comezase previamente á sinatura do convenio, segundo se indica na terceira cláusula, punto h, deste convenio.
- Certificado de non atoparse incurso en causas segundo artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.
- Declaración responsable de estar o día das obrigas tributarias e seguridade social.
- Declaración responsable sobre a titularidade da conta bancaria onde se vai a realizar o ingreso.

Poderanse realizar pagamentos parciais até un máximo do 80%, engadido o anticipo, do importe total deste convenio, a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de pagamento ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos.

A data límite e improrrogable para presentar a solicitude e documentación dos pagamentos parciais será o 5 de novembro de 2018.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada.

De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

SÉTIMA.- A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 41 e

42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos.
 - b) Declaración das actividades realizadas e financiadas con este convenio indicando o custo repercutido para a entidade.
 - c) Certificación da Federación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
 - d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.
1. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.
 2. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e realizados no desenvolvemento do obxecto deste convenio. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os realizados dende o 1 de decembro do 2017 ata o 30 de novembro de 2018.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Como máximo será subvencionable, como retribución económica, en cada categoría profesional, a cantidade equivalente segundo a Lei 8/2017, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para el año 2018, referidas ao persoal laboral. Imputarase de forma proporcional as horas que o profesional adica a dito programa

A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 5 de decembro de 2018. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aos efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueloutros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente.
4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, que emitirá informe favorable de ser conforme.
5. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

OITAVA.- Con data límite do 15 de xaneiro de 2019, a asociación deberá achegar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial unha memoria final sobre a totalidade das actividades obxecto deste convenio desenvolvidas ao longo do ano 2018, segundo o modelo que se xunta como **Anexo I** a este convenio.

NOVENA.- Para a remisión da documentación relativa a este convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado “PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTÉN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO (PR004A), dirixíndoas a atención da Dirección xeral de Asistencia Sanitaria.

DÉCIMA.- Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes da asociación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será o competente para resolver as

distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMO SEGUNDA.- A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da asociación ANDAINA Pro Saúde Mental que realicen as actividades obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMA TERCEIRA.- Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMO CUARTA.- A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA QUINTA.- O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018.

DÉCIMO SEXTA.- Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.

b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade, asínase polas partes o presente convenio en cuatuplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

**POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE POLA ASOCIACIÓN ANDAINA PRO
SAÚDE MENTAL**

Jesús Vázquez Almuíña

Omaira Tuirán Ruíz

ANEXO I

MEMORIA FINAL

1. Datos básicos da asociación (indicando nome, representante, localización e organigrama).
2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, NIF, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, tipo de contrato.
3. Balance de ingresos e gastos da asociación.
4. Informe que inclúa tódalas axudas solicitadas, outorgadas ou non por outras administracións ou entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, para o mesmo programa obxecto deste convenio.
5. Actividades Realizadas:
 - Número de reunións de coordinación con dispositivos da rede de saúde mental.
 - Programas sanitarios e psicosociais: data, denominación, descrición, poboación diana e poboación acadada se procede.
 - Horario de atención ao público.
 - Servizo de información, orientación e asesoramento a pacientes e familiares (nº de entrevistas desagregada por xénero).
 - Actividades dos Programas:
 - Actividades desenvolvidas e cronograma das mesmas
 - Número de beneficiarios directos en cada actividade. (por xénero)
 - Número de beneficiarios indirectos en cada actividade.
6. Reclamacións presentadas polos usuarios: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polos usuarios no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.
7. Cubrir as fichas de indicadores remitidas dende a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.

**ANEXO II. OCUPACIÓN MENSUAL PROGRAMA CENTRO DE REHABILITACIÓN
PSICOSOCIAL E LABORAL**

ENTIDADE		RECURSO		DATA				
	ASOCIACIÓN:	CRPL:	ENDEREZO:	ANO NAC.	DERIVADO POR/DE	Obrervacións / Incidencias		
N.º DE PRAZA	APELIDOS e NOME	Data inicio	Data fin					
1								
2								
3								
4								
5								
6								
7								
8								
9								
10								
11								
12								
13								
14								
15								

ANEXO III MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0.00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0.00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto S Soc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0.00 €	

